



**Lecturas compartidas:
Formando lectores desde a
biblioteca do
IES de POIO**

Xornadas de Bibliotecas Escolares

Anxos Rial.

Compostela 2015

Contexto e pequena historia:

- Perfil do centro e usuarios.
- Hai 9 anos: -Biblioteca pechada.
 - Libros en vitrinas.
 - » Curso de bibliotecas...
 - »Apertura!!!

»OS USUARIOS SON OS PROTAGONISTAS.

Compensando desigualdades:

Todos e todas:

- Teñen acceso aos fondos.
- Conexión a internet.
- Acceso á información.



**MOTOR DE CAMBIO: OS CLUBS DE
LECTURA.**

Os clubs de lectura do IES de POIO: “Os trasnos dos libros”

- Antigüidade: teñen unha antigüidade de 9 anos, desde o curso 2007/08.
- Xéneros e grupos no 2015/16:
 - * Banda deseñada (1 grupo).1º Bach.
 - * Narrativa en galego (3 grupos)4º ESO/3º ESO.
 - * Galego 2º ESO (2 grupos).
 - * Bilingüe 1º ESO (2 grupos)
 - * Narrativa fantástica (1 grupo) 1º bach.
 - * Escola de familias (1 grupo) Nais.



OBXECTIVOS:



- Fomento do hábito lector e gozo da lectura. A libre e meditada interpretación do texto e da imaxe.
- Aprender que “a lectura é o mellor antídoto contra calquera concepción do mundo excluínate e fundamentalista, un revulsivo contra a violencia, a persoal e e a das violencias que en nome de deus ou da patria, se cometen no mundo actual”.

Rosa Regás.

- A experiencia cultural compartida , o contaxio de entusiasmos, a xeración dunha rede de afectos, o intercambio de opinións e experiencias lectoras...

Que é o clube de lectura?

O clube de lectura é un espazo onde compartiremos lecturas, falaremos sobre elas e realizaremos actividades arredor dos libros e as historias propostas.

O clube de lectura é de carácter voluntario, de modo que o único que fai falla é que teñas ganas de ler, compartir e pasalo ben.

Cando nos reuniremos?

Reunirémonos cada 15 días no recreo dos mércores na Biblioteca.



E para os papás e mamás...

Poderedes seguir as actividades do clube no blog ostranosdoslibros.blogspot.com.

Pedimos tamén que nos axudeades a responsabilizar aos rapaces e rapazas do coidado dos libros e da devolución dentro dos prazos establecidos.



Lecturas coma pulgas



Clube de lectura 1º ESO

**IES de Poio
2015 / 2016**



A quen vai dirixido este clube?

Poderán participar todos os alumnos e alumnas de 1º da ESO que teñan ganas de ler e compartir as lecturas.


Que teño que facer?

Para participar só tes que apuntarte na lista que a profesora responsable deste clube deixará na túa aula e recollerá antes do 5 de outubro.



Que leremos?

Leremos contos curtos, pequenas novelas, poesía e álbums ilustrados en galego ou castelán. Serán sempre textos pequenos coma pulgas.



A que me comprometo?

- A ler os libros propostos.
- A asistir ás sesións (os mércores no recreo cada 15 días) e actividades do clube e participar activamente nas propostas.
- A comentar as obras lidas no blog dos clubes do IES de Poio.
- A devolver os libros en perfecto estado no prazo asignado.

E se queres botar unha ollada...


Podes entrar no blog dos clubes de lectura do noso IES e ver as actividades de outros anos:

ostranosdoslibros.blogspot.com



A legalidade:

- Aprobación no Claustro e no CE.
- Obxectivo específico da PXA.
- Plan anual de lectura.
- Compromiso de lectura.





CONTRATO CLUB DE LECTURA "OS TRASNOS DOS LIBROS"

Ao participar no Club de lectura comprométome a:

- A ler os libros nas datas sinaladas e a participar activamente nas postas en común e nos encontros cos autores e con participantes en outros clubs de lectura.
- A coidar os libros e devolvelos no prazo asignado.
- A facerme seguidor, seguidora do blog do club de lectura:
<http://ostrasnosdoslibros.blogspot.com.es/>
e a publicar no blog comentarios sobre as lecturas.
- Ter o permiso de meus pais para a utilización da miña imaxe en internet (blogs e redes sociais) con fins didácticos.
- A participar nas actividades organizadas pola biblioteca e os clubs de lectura.

O non cumprimento das cláusulas deste contrato implicará a baixa no club de lectura.

Asinado:

Poio, de..... do.....



O traballo da lectura: As postas en común.

- Búscase a mistura de **pracer, aprendizaxe e debate.**
- Ampliar as marxes do propio libro animando aos alumnos e alumnas a que se informen sobre o contexto do libro (lugar e época na que se desenvolve a acción, ambientes, documentación sobre o autor... neste apartado utilizamos a conexión á Internet para as pescudas, fomentando a aprendizaxe TIC en distintos medios e formatos).
- Preténdese aproveitar a lectura apoiándose no visionado de filmes, cortos, documentais, a asistencia a representacións teatrais e o apoio musical.





A posta en común:


- **Non académica, voluntaria.**
- **Resume do lido.**
- **Comentarios e interpretación.**
- **Gravacións, podcast e escoita.**
- **Valoración final da obra.**

**(Introducción de lecturas paralelas,
poemas...)**

19.2.11

O grupo do clube de lectura vai ao teatro!

Con motivo do XII Salón do Libro Infantil e Xuvenil de Pontevedra fomos ao teatro a ver *Alicia & Alicia* de LA Produccións Artísticas. Tratábase dunha adaptación contemporánea da obra clásica de Lewis Carroll. A saída houbo un intercambio de críticas e reflexións sobre a obra. Neste día tivemos unha nova experiencia na que todos exercitamos o noso espírito crítico e analítico.



SÁBADO 5 DE MARZO DE 2011

É MENTIRA: Visitamos o 12º Salón do Libro.



É mentira é o lema co que se desenvolve o 12º Salón do Libro infantil e xuvenil de Pontevedra que no día de onte tivemos o pracer de visitar profes e **alumn@s** dos Clubs de lectura do IES de POIO.

Gozamos cos traballos realizados polos rapaces e rapazas dos coles de Pontevedra e os seus arredores, xogamos cos espellos que nos mudan a realidade, cos distintos espazos creados no salón coa fin de amosarnos como os nosos sentidos poden enganarnos.

Vimos as mentiras dos personaxes de Disney, ou dos pitufos, ou dos Simpsons.

Por suposto que tamén medimos os nosos narices, como Pinocho, para constatar a magnitude das nosas propias mentiras; de certo que comprobamos como "polo mar corren as lebres e polo monte as sardiñas".

Aprendemos máis cousas da escritora Gloria Sánchez e fixemos fotos con ORBLI, a mascota do Salón do Libro:



A difusión: o blog do club: <http://ostranosdoslibros.blogspot.com/>

- O blog serve como caderno de bitácora aos distintos grupos do club de lectura.
- Usámolo para a presentación das obras que imos ler.
- Con posterioridade ás sesións introducimos unha entrada resume da reunión, as opinións dos alumnos, comentarios, podcast, etc.
- Tamén publicamos noticias relacionadas co cine, pequenas guías de lectura, contexto cultural e social da obra...



Os trasnos dos libros

UNHA DEDICATORIA DE DAYID RUBÍN PARA AS CHICAS DO CLUB DE LECTURA DE BANDA DESEÑADA!




David Rubín dedicou unhas palabras ás chicas do club de lectura. Aí van:

Ola!

Antes de nada, quería vos dar as gracias por ler a miña obra, pois a lectura -e a relectura- é o que mantén vivos os libros.

Agardo que desfrutárades lendo "La tetería del Oso Malayo", para min foi toda unha aventura levar a cabo este libro, deixei moito de min nel, é coma un anaco do meu corazón, por iso éncheme de ledicia cada vez que alguén abre as súas tapas e faise participe das alegrías, os medos, a paixón e a desesperanza que eu volquei nesas páxinas.

Clubs e biblioteca:



O alumnado dos club:

- Participa na organización e posta en marcha das actividades da biblioteca.
- Recibe unha formación de usuarios máis completa.
- Os fondos do club enriquecen a dotación da biblioteca.
- Son o motor dos encontros co autor.



El instituto de Poio celebra una jornada de encuentro de clubs de lectura

El IES de Poio celebró ayer un encuentro de clubs de lectura en el que también participaron los institutos de San Paio (Tui), Ribeira de Louro (Porriño) y Sanxenxo. La actividad fue organizada en colaboración con las concellerías de Educación y Cultura, por

lo que los 85 alumnos implicados fueron recibidos en el Concello y visitaron el Mosteiro de San Xoán y el casco histórico de Combarro. Además de servir para compartir experiencias, la iniciativa incluyó una jornada de juegos populares. FOTO: JAVIER CERVERA-MERCADILLO



As actividades paralelas e os proxectos:



- Os encontros co autor, ilustrador.
- Os irmandamentos con outros clubs.
- O cine, o teatro.
- Reunión cos club de adultos do concello.
- Apadriñamentpos lectores.
- Festas ou roteiros fin de curso.
- Proxectos ARCE, E-twinning, Enredando versos.




Avaliación e valoración :



- Realízase unha enquisa avaliadora no remate do curso.
- O goce da lectura compartida: intercambio de opinións, valoracións, puntos de vista... saír de un mesmo e chegar aos outros que len e gozan da lectura coma min.
- Achegamento á diversidade, a aprendizaxe do respecto polas opinións e pola cultura dos outros.
- Sen dúbida o máis positivo foron as convivencias en si, as viaxes, as risas, as despedidas a medias

AVALIACIÓN

Ao participar no Club cres que melloraches en:



| | | |
|--------------------------|----|-----|
| Comprensión lectora | 19 | 21% |
| Expresión escrita | 1 | 1% |
| Expresión oral | 8 | 9% |
| Coñecer autores e obras | 17 | 18% |
| Compartir opinións | 25 | 27% |
| Valores humanos e éticos | 5 | 5% |
| Gozar da lectura | 17 | 18% |
| Otro | 0 | 0% |

MOITAS GRAZAS.



Os trasnos dos libros